

Actas das

II Xornadas

Olga Gallego de Arquivos

Os arquivos

da Administración local:

política, planificación

e sistemas fronte ao cambio

Tesouros no faiado:

**As doazóns documentais
da veciñanza ao Arquivo**

Municipal de Teo (A coruña)

Jesús Rey Modia

Arquivo Municipal de Teo

(A Coruña)

Tesouros no faiado: As doazóns documentais da veciñanza ao Arquivo Municipal de Teo (A Coruña)

Jesús Rey Modia

Arquivo Municipal de Teo (A Coruña)¹

jesusreymodia@hotmail.com

617 576 588

Resumo

Os arquivos municipais son servizos culturais públicos que custodian e divulgan o patrimonio documental local. Máis aló da documentación xerada polo propio concello, unha excelente maneira de acrecentar ese patrimonio é a través de doazóns dos veciños. Trátase de papeis, fotografías ou outras pezas, pequenos tesouros moitas veces esquecidos nun recuncho dos faiados, que aportan información moi valiosa sobre o pasado, a evolución da sociedade local e as manifestacións culturais propias dese lugares.

A partir das doazóns recibidas polo Arquivo Municipal de Teo (A Coruña), amosarase cal é o proceso para obtelas, como se xestionan dentro do arquivo e cal é a información que se pode extraer delas. Ademais, son fundamentais as estratexias de difusión que se poidan levar a cabo para que toda a cidadanía se beneficie dese patrimonio e, en último termo, para incentivar a súa participación no arquivo.

Palabras chave:

arquivo municipal, Teo, doazón, patrimonio documental, participación veciñal.

Abstract

Local Archives are public cultural services conceived to preserve and promote the local documentary heritage. Beyond the records generated by the city council, an excellent way to increase this heritage is through the donations made by local residents. These are old papers, photographs and other archival materials, hidden treasures which provide useful background information about the past, local society and cultural traditions.

The work done in the Teo Local Archive (A Coruña) shows how to achieve donations, how they must be managed and their great utility for researchers. Promoting strategies is also essential to provide benefits to people in terms of documentary heritage and to encourage their participation in Local Archives.

1. Bolseiro no Arquivo Municipal de Teo dende novembro de 2015 até xullo de 2016.

■ Keywords:

Local Archive, Teo, donation, documentary heritage, community participation.

■ Introducción

Son por elo moi dignos de respecto e merecedores de conservación aqueles papeis vellos, pergamiños e atados que medio podres esmorecen nun recuncho húmido do faiado. Salvémolos porque conteñen anacos da nosa historia e gardan as esperanzas e angurias dos nosos devanceiros.

(Fernández Castro, 1998)

As administracións locais son as máis próximas á cidadanía, as que se atopan máis presentes no seu día a día. Porén, a frecuente incapacidade das institucións municipais para abrirse aos seu veciños fai que moitos dos seus servizos non obteñan a visibilidade ou recoñecemento que corresponde ao seu labor. Este é o caso dos arquivos municipais, que xogan un papel básico non só de cara ao correcto funcionamento das diferentes oficinas que conforman a estrutura organizativa municipal, senón tamén como centros de difusión da cultura e da memoria locais.

Tendo en conta esta premisa, e sen perder de vista a súa vocación de servizo público, os arquivos tamén deben abrirse eles mesmos á sociedade para divulgar o patrimonio que custodian de xeito que a veciñanza os coñeza e os empregue. Xurde neste ámbito unha figura que vai máis aló da do simple usuario: os doantes. Son moitos os veciños que gardan nas súas casas documentos de diversa índole aos que atribuíron un certo valor, razón pola cal foron conservados. Estes papeis, cartas, fotografías ou postais que repousan en caixas ou caixóns son pezas de inestimable valor para a reconstrución e posta en valor do pasado e, en último termo, do presente. É por iso que dende os arquivos débese traballar para lograr que calquera veciño que o desexe se converta en doante de documentación.

A lexislación en materia de arquivos tamén contempla este asunto, aínda que non de xeito moi profuso. Así, a Lei de arquivos de Galicia de 2014 indica que “os documentos de titularidade privada, para garantir a súa conservación e custodia, poderán ser depositados nun arquivo público nas condicións que se establezan regulamentariamente”², xa que unha das funcións destas institucións é “promover a incorporación, por calquera medio legal, de fondos documentais privados que posúan interese cultural”³. A recentemente aprobada Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que recoñece o labor dos concellos no eido cultural⁴, indica tamén que integran o patrimonio documental de Galicia “os documentos anteriores a 1901 (ou incluso máis recentes), xerados, conservados ou reunidos por outras entidades particulares ou persoas físicas, que teñan interese para a historia de Galicia”⁵.

2. Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 7 de outubro de 2014, n. 191, p. 43419.

3. *Ibidem*, p. 43422.

4. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 16 de maio de 2016, n. 92, p. 18579.

5. *Ibidem*, p. 18659.

Mais tendo en conta as características dos arquivos municipais, cuxa xestión depende exclusivamente dos concellos, son os regulamentos específicos dos seus arquivos os que poden aportar unha visión máis fiel sobre as doazóns. Aínda que a maioría destes regulamentos están feitos a partir da *Proposta de regulamento para os arquivos municipais de Galicia* elaborada polo Grupo de Traballo de Arquivos da Administración Local en 1998, nalgúns deles proporcionáanse certos detalles que non deixan de ser significativos. Deste xeito, no regulamento do Arquivo Municipal de Boqueixón establécese que “o Concello procurará a través destes ingresos extraordinarios, a recepción, recuperación ou adquisición de fondos documentais e bibliográficos de importancia para o recoñecemento da realidade presente ou pasada do Concello”⁶ mentres que no de Ortigueira indícase como unha das obrigas do arquivero municipal “preocuparse de fomentar o incremento do patrimonio documental do Concello mediante propostas de adquisición, doazón ou depósito nos casos que sexa posible”⁷.

A continuación exporase o traballo que neste eido leva a cabo o Arquivo Municipal de Teo (A Coruña), as características específicas dos seus “tesouros no faiado” e como foron xestionados dentro do Arquivo, así como as iniciativas que se levaron a cabo para poñelos en valor. Xunto a isto tamén se achegarán ideas para mellorar neste eido e para poder afrontar con éxito os retos do futuro.

■ Teo: un arquivo municipal aberto á comunidade

O concello de Teo, creado como tal no ano 1836, atópase na comarca de Compostela, entre a capital de Galicia e o río Ulla. O seu Arquivo Municipal foi durante moitos anos — e como aínda ocorre na maioría de concellos galegos — un simple depósito que non tiña nin unha organización sistemática da documentación nin prestaba servizos específicos aos seus usuarios. A partir do ano 2007 o Arquivo conta cun responsable, Pablo N. Sanmartín López, que acometeu a importante tarefa de dar o paso de depósito a arquivo, con todo o que iso leva consigo.

Na actualidade, as instalacións do Arquivo atópanse no soto do Centro Sociocultural da Ramallosa, a capital do concello. Nelas custódiense preto duns 900 metros lineais de documentación, a inmensa maioría deles pertencentes ao Fondo Documental Municipal. O equipamento humano e material co que se foi dotando ao Arquivo dende o ano 2002 permiten levar a cabo os traballos derivados da xestión arquivística e prestar os correspondentes servizos aos usuarios. Dentro deles, os máis activos son os propios traballadores do Concello, aos que se lles fixo unha media de 178 préstamos ao ano entre 2007 e 2015. En canto ás consultas externas, están rexistradas unhas 600 para o mesmo período, incluíndo as presenciais e as realizadas por teléfono e por correo electrónico.

En canto á participación do Arquivo na vida cultural local, pódese afirmar sen lugar a dúbidas que é moi activa. Actividades educativas e pedagóxicas, investigacións sobre historia local, recompilacións de materiais de todo tipo sobre o concello, elaboración e participación en publicacións de diferentes perfís e colaboracións en actos socioculturais

6. Regulamento do Arquivo Municipal de Boqueixón. BOP A Coruña, 4 de outubro de 2002, n. 229, p. 8851.

7. Regulamento do Arquivo Municipal de Ortigueira. BOP A Coruña, 21 de xuño de 2002, n. 141, p. 5485.

son un complemento necesario dos labores de organización da documentación que, ademais, axudan a que o Arquivo e os seus servizos sexan cada vez máis coñecidos polos teenses, que non só acoden para satisfacer as súas necesidades arquivísticas, sexan do tipo que sexan, senón tamén para colaborar coas súas achegas.

Isto non implica que non existan eivas nin dificultades ás que se debe facer fronte día a día, problemas que afectan á maioría de institucións arquivísticas galegas como son a carencia de espazo, a falta de persoal e a insuficiencia de medios.

■ Xénese e xestión das doazóns documentais

A proceso de enriquecemento do patrimonio documental local a partir de doazóns dos veciños non debe comezar no momento en que estas xa se atopan dentro do arquivo, senón antes. Deste xeito, o primeiro gran paso é o contacto entre o arquivo e a veciñanza. Este contacto pódese dar de xeito directo cos veciños en cuestión ou a través de asociacións ou colectivos culturais locais cuxo papel, especialmente no caso de Teo, é cada vez máis importante. É fundamental facer que os veciños sexan coñecedores do verdadeiro interese que teñen as súas pezas non só a nivel particular, senón a nivel colectivo, e transmitirilles seguridade e confianza en que o arquivo é o lugar máis axeitado para custodialas e posteriormente difundilas.

Unha vez se teña constancia de que o veciño quere facer unha doazón, iníciase o proceso cunha dilixencia na que o responsable do arquivo propón a apertura da tramitación do expediente de doazón para despois redactar un informe no que se dea conta dos documentos seleccionados e da relevancia que teñen para o patrimonio documental local. Por último, a doazón debe ser aprobada cunha resolución da alcaldía e posteriormente emitírase unha acta de doazón documental por triplicado que debe ser asinada por todos os implicados. Este tipo de procedementos, que se adoitan aplicar a aquelas doazóns de maior envergadura, culminan nun acto de certa solemnidade no que se aproveita para recoñecer como é debido ao doante e á súa chega e tamén para facer un chamamento á poboación con vistas a promover o arquivo como institución cultural aberta e o patrimonio documental como peza clave da historia e da memoria locais.

No Arquivo Municipal de Teo optouse, para o caso das doazóns máis pequenas (copias dixitalizadas dun pequeno número de fotografías) por redactar unha acta de recepción na que se deixa constancia da doazón e se outorga o permiso para a súa difusión con fins educativos ou divulgativos, todo isto co obxectivo de axilizar e facilitar os trámites. Esta non é unha cuestión menor, xa que a maior arte das doazóns documentais feitas ao Arquivo son deste tipo, o que se traduce en que o veciño cede as fotografías para que sexan dixitalizadas e logo recibe de volta os orixinais máis unha copia dixital. A devandita dixitalización faise, sempre que sexa posible, cos propios medios do Arquivo co obxectivo último de lograr unha reprodución óptima que finalmente pase a formar parte do arquivo fotográfico dixital.

Calquera doazón, sexa íntegra ou dixital, debe ser sometida a un proceso de organización, clasificación e ordenación para, se é necesario, constituír os fondos que sexan oportunos. Porén, nalgúns casos, como se explicará no próximo punto, os documentos de certas

doazóns foron restituídos nas correspondentes series do fondo documental do Concello por ser esa a súa verdadeira orixe.

Finalmente, lévase a cabo a descrición de cada unha das doazóns coas súas particularidades dentro da base de datos do Arquivo, de maneira que queden rexistrados os datos máis relevantes para que despois se poida recuperar a información de xeito áxil e rápido.

■ As doazóns realizadas ao Arquivo Municipal de Teo

Na liña do exposto anteriormente en materia de lexislación, o proxecto de regulamento do Arquivo Municipal de Teo, que aínda está pendente de aprobación, fai alusión ás doazóns de persoas físicas ou xurídicas, así como a outros tipos de ingresos extraordinarios, como vías para incrementar o patrimonio documental municipal, obxectivo que forma parte das obrigas do responsable do Arquivo, ao igual que no caso de Ortigueira⁸.

Dende o ano 2007 o Arquivo Municipal de Teo recibiu 37 doazóns documentais de diversa entidade. Entre todas elas destaca en primeiro lugar, polo seu volume e o seu contido, a realizada no ano 2009 pola familia Sánchez-Novo de dez documentos cuxas datas extremas abranguen dende 1843 até 1954. Trátase de documentación histórica de gran valor sobre as competencias desempeñadas polo Concello xa dende a súa primeira década de vida e na que tamén se inclúen datos de algunhas épocas das que apenas se conservaba nada, como a Guerra Civil. Así, poderíamos sinalar como documentos máis significativos a documentación sobre o repartimento de 1843, unha relación de gastos do orzamento ordinario do ano 1937 e unha memoria das actividades levadas a cabo polo secretario interino do concello, Manuel Vázquez, entre os anos 1937 e 1938. Tamén habería que salientar unha relación de bens da escola de nenos da parroquia de Oza do ano 1944 e o regulamento do Sindicato Agrícola, Gandeiro e Escolar de Oza e Lucí, “La Unión”, formado polos emigrantes na Arxentina destas dúas parroquias e tamén polos residentes nelas⁹ e que foi aprobado en marzo de 1954. O resto da documentación doada está relacionada principalmente con tributación, aínda que tamén podemos atopar un interesante anuncio da Alcaldía de 1872 sobre o coidado e atención das fontes e pozos.

É preciso indicar que se trata de documentación que en orixe debeu estar dentro do Fondo Documental Municipal, pero que foi extraída. No seu informe, o responsable do Arquivo subliña que se descoñecen as causas desta situación pero que “este non é o único caso do que temos novas de que particulares atesouren parte do patrimonio documental que pertence ao Concello”¹⁰. A clave podería estar na figura do secretario, antepasado do doador e que exerceu o seu cargo durante a Guerra Civil. Como apunta García Ruipérez, os secretarios foron legalmente os responsables dos arquivos municipais na inmensa maioría de localidades españolas, agás nas de maior tamaño, nun período que abrangue un século e medio e que se estendería dende 1835 a 1985 (García Ruipérez, 2009). Por

8. Sanmartín López, Pablo N. Regulamento do Arquivo Municipal [documento inédito]. Teo: Arquivo Municipal, 2010, artigos 3, 7 e 22.

9. Ficha da “Casa-escola de Oza” [en liña]. Arquivo da Emigración Galega: As Escolas da Emigración [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/SQtYgQ>

10. Sanmartín López, Pablo N. Informe sobre a proposta de doazón de documentos da familia Sánchez-Novo [documento inédito]. Teo: Arquivo Municipal, 2009, p. 2.

tanto, cabería pensar que o secretario, como responsable da documentación, quedou con ela unha vez que abandonou o cargo.

A outra gran doazón que recibiu o Arquivo foi realizada no ano 2015 e consta de 23 copias dixitais de fotografías e debuxos de diversos petróglifos de Teo realizadas por Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza entre a década dos anos trinta e principios da dos cincuenta do século XX. Sobrino Lorenzo é considerado un dos pais da arqueoloxía galega moderna, sobre todo no relacionado coa arte rupestre. Grazas á achega do seu sobriño, Ángel Núñez Sobrino, e por mediación do colectivo cultural teense “A Rula”, actualmente consérvanse no Arquivo testemuñas de gran valor dos traballos levados a cabo polo arqueólogo nas parroquias de Luou e Teo, concretamente nos petróglifos de Agro da Cacharroa (hoxe desaparecido), Outeiro do Corno, Pedra Bicuda de Regoufe e Estivada de Mallos e tamén en diversas mámoas como a de Trasellas e a necrópole do Monte Piquiño. Para poder obtelas, Sobrino Lorenzo contou coa colaboración de Adolfo Calvo, un veciño do lugar da Igrexa (Luou) que exercía de practicante no concello a mediados do século pasado. Todo isto constitúe unha pequena pero interesante mostra das máis de 2.500 fotografías e 70 debuxos de petróglifos que o arqueólogo pontevedrés realizou ao longo da súa carreira¹¹.

Xunto a estas dúas doazóns recibíronse outras tamén moi significativas:

- En 2008 foi doado o arquivo familiar de Domingo Antonio do Ejo, alcalde de Teo entre os anos 1843 e 1844, que incluía libros, documentación notarial e manuscritos deste persoeiro.
- Ao ano seguinte, e grazas a unha recompilación feita entre os veciños polos membros da Asociación Cultural “A Mámoa” de Luou, foron doadas 47 fotografías relacionadas co Sindicato de Agricultores e Gandeiros desta parroquia, cuxo centenario se celebrara en 2005.
- En 2012 recibíronse varias importantes doazóns de fotografías. En primeiro lugar, 17 imaxes da primeira metade do pasado século pertencentes á familia Torrado-Llorente que ostentou o marquesado de Astariz, único título nobiliario do concello. En segundo lugar, tamén foron doadas copias dixitais de tres fotografías da homenaxe levada a cabo na década dos 70 ao escultor local Alfonso Sanmartín, acto do que xa fora doada algunha imaxe. Nado no lugar de Rúa de Francos (Calo), Sanmartín participou na restauración da fachada das Praterías da Catedral de Santiago e no traslado do templo de Debod dende Exipto até Madrid, entre outros (Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla, 2012). A terceira doazón constou de 16 fotos da homenaxe celebrada en 1967 na honra de María Carmen Martínez Cereijo, mestra na escola de nenas de Agoso (Oza) durante 36 anos¹². Por último, tamén foron cedidas varias fotografías sobre a celebración do Entroido dos Xenerais da Ulla nas parroquias de Oza e Teo durante os anos 70.

11. Núñez Sobrino, Ángel. “Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, eximio arqueólogo” [en liña]. El Correo Gallego, edición dixital, 22-03-2015 [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/MaoaVT>.

12. “Distinción a una Maestra Nacional jubilada” [en liña]. ABC, hemeroteca dixital, 27-11-1967 [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/mwgZQT>.

- En 2013, Fernando Acuña Castroviejo, veciño de Cacheiras e un dos principais arqueólogos galegos, recentemente falecido, doou 37 fotografías sobre os seus traballos no Castro Lupario en 1971. Na mesma data tamén foi entregado o arquivo familiar de Cecilio Fernández, o que fora fundador da igrexa evanxélica de Lucí, que inclúe documentación dende 1934 até 1985.
- En 2014 Guillermo Raviña, mestre xubilado e prolífico investigador, cedeu fondos gráficos e documentais integrados por fotografías, planos, mapas e deseños relacionados principalmente coa súa parroquia, Bamonde. Xunto a el, unha familia do lugar de Samar (Reis) doou correspondencia de emigrantes galegos en Bos Aires entre 1856 e 1966.

Mais o doador máis salientable foi Ramiro Viqueira, veciño de Rúa de Francos (Calo) e membro da Asociación de Veciños “Carballeira de San Martiño”. Entre 2011 e este mesmo ano doou unha enorme cantidade de documentación de distinta tipoloxía, dende fotografías sobre a feira do San Martiño nos anos sesenta até coplas do entroido de Calo de 1956, pasando por retratos de familias teenses de principios de século (algúns do fotógrafo Chicharro, considerado o primeiro fotógrafo compostelán). Tamén cedeu varios documentos moi singulares como unha copia completa do chamado “Foro de Francos” de 1921, copias dixitais de carnés de membros do Partido Galeguista dos anos trinta e até material audiovisual do lugar de Francos, entre outras moitas pezas de extraordinario valor.

Finalmente habería que destacar a doazón no ano 2015 dunha copia do número 192, publicado no ano 1926, da revista *Unión de Teo y Vedra*, publicación editada polas sociedades agrarias deses dous concellos na emigración entre ese mesmo ano e 1974, polo que constitúe o número máis antigo que se conserva no Arquivo desta revista. Tamén en 2015 recibíronse tres volumes da revista editada na Habana *El Eco de Galicia*, datados entre 1880 e 1889 e que foron incluídos no fondo da biblioteca auxiliar do Arquivo.

■ Materiais para redescubrir a terra e as súas xentes

Como sinala Da Silva Catela, recollendo as verbas de Krzysztof Pomian, a orixe etimolóxica da palabra *documento* está no latín *docere*, “ensinar” (Da Silva Catela, 2002). Deste xeito, os documentos convértense en obxectos de estudo cando perden a súa función orixinal e, por tanto, poden ser empregados como fontes primarias para o estudo de moitos e moi diversos temas.

A análise da documentación que forma parte das doazóns recibidas permite, xunto coa xa existente no Arquivo Municipal de Teo, extraer información moi relevante nos seguintes eidos de investigación:

- Historia da administración local: a documentación procedente de diversas doazóns sobre o alcalde Domingo Antonio do Ejo, de cuxo período de goberno apenas se conservaba nada, fai posible reconstruír parte da primeira etapa do concello como tal na que se chegaron a producir casos de “estafa cos fondos municipais” como apunta o responsable do Arquivo

nun informe¹³. Ademais, a memoria do secretario interino Manuel Vázquez realizada en 1939 sobre os labores desenvolvidos nos dous anos anteriores permite obter unha boa imaxe do traballo dun secretario, co aliciente de que esas tarefas foron realizadas durante a Guerra Civil. Do mesmo xeito, o responsable do Arquivo subliña que os documentos tamén amosan “aspectos significativos dende o punto de vista diplomático e formal, como os diferentes selos ou cuños, modelos e impresos, xestión administrativa, etc.”¹⁴.

- **Educación:** neste eido é moi reveladora a documentación derivada do labor de Antonio Novo Cea, pai de Clotilde Marga Novo, unha das dúas persoas que fixeron a primeira doazón descrita, e que foi mestre na escola de nenos de Agoso, en Oza, entre 1943 e 1967. Tamén destaca a relación de bens da escola, un dos moitos inventarios de material escolar que se conservan no Arquivo dende o século XIX. Este en concreto foi feito segundo os estándares establecidos pola inspección escolar franquista, co que aporta unha valiosa información sobre o estudo das escolas locais no concello de Teo e permite establecer unha imaxe das condicións nas que se levaba a cabo o ensino durante esta etapa, xa que se especifican a cantidade e tipo de obxectos que empregaba o mestre e o seu estado de conservación. O resto da documentación doada pola familia Sánchez-Novo, que comprendía un conxunto de 13 traballos dos alumnos entregados ao mestre como lembranza á súa etapa na escola, moi salientables non só polo seu contido senón tamén pola súa estética, foron doados ao Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), en Santiago de Compostela.
- **Facenda municipal:** os repartimentos de distintos impostos (consumos, contribución territorial, etc.) e a documentación relacionada con eles permite ampliar a información que xa existe no Arquivo, así como debuxar un perfil moito máis concreto do funcionamento e as singularidades da recadación de impostos por parte do Concello no século XIX, a cal se facía a partir dos celadores pedáneos. Xunto a isto, a minuta sobre a relación de gastos do orzamento ordinario de 1937, cuxo expediente se garda no Arquivo, ten unha especial importancia pola época da que procede, así como o concerto voluntario do pagamento ao fielato de Cacheiras, que axudaría a perfilar a importancia que este tivo no cobro de arbitrios e taxas ás mercadorías e tamén os traballos de control sanitario asociados a elas.
- **Societarismo agrario:** en Teo viviuse un enorme desenvolvemento do sindicalismo agrario dende os primeiros anos do século XX que se traduciu na creación de distintas sociedades agrícolas e gandeiras. A primeira delas foi a de Luou, fundada en 1905 e á que nos remite a doazón da asociación “A Mámoa” que, na actualidade, ocupa a antiga sede do sindicato, un dos edificios máis emblemáticos de Teo. O estudo deste fenómeno pódese estender até o franquismo grazas á documentación relacionada

13. Sanmartín López, Pablo N. Informe..., p. 1.

14. *Ibidem*, p. 2.

co Sindicato Agrícola, Gandeiro e Escolar de Oza e Lucí, “La Unión”. Todo isto, combinado coa prensa agraria, permite facer unha análise do intenso societarismo agrario teense e, ademais, conectar con outros temas como a educación (xa que moitos sindicatos como “La Unión” eran promotores de escolas¹⁵) e a emigración, particularmente en Bos Aires, que xogou un papel vital na constitución e mantemento deses sindicatos.

- Paisaxe e patrimonio material e inmaterial: o conxunto da documentación doada constitúe un recurso excelente para o estudo da evolución da paisaxe no concello de Teo. Deste xeito, debemos ter en conta, por unha banda, elementos físicos como as construcións tradicionais de distinto tipo e a súa transformación ou non ao longo do tempo. Para isto poden ser útiles o anuncio da Alcaldía de 1872, que permite estudar as medidas establecidas polo Concello para asegurar que as obras se fixesen conforme a normas e criterios concretos, e o Foro de Francos de 1921, un apeo xeral das propiedades das familias dese lugar. Por outra banda, tamén debemos fixarnos no patrimonio arqueolóxico e arquitectónico local, para o cal as devanditas doazóns achegan unha imprescindible fonte de estudo para coñecer os cambios que sufriron, a transformación da paisaxe ao seu redor e incluso poder ter coñecemento daqueles bens que hoxe en día non se conservan. Tan importante coma isto é o estudo das tradicións populares que en Teo adquire un carácter especial con mostras tan representativas como a Feira do San Martiño de Francos, cuxa presenza máis antiga na documentación data do século XVI, e o Entroido dos Xenerais da Ulla, un entroido tradicional rural único da comarca natural da Ulla cuxa orixe se remonta a mediados do século XIX. Pese a ter características comúns como as figuras que interveñen, as súas vestimentas e a existencia de composicións musicais de ton satírico, este Entroido presenta certas particularidades en función de cada parroquia¹⁶ que se poden coñecer a partir de moitas das doazóns descritas anteriormente.
- Evanxelismo: o arquivo familiar de Cecilio Fernández, fundador, xunto coa súa familia, da primeira comunidade evanxélica de Teo na parroquia de Lucí, en 1929, posibilita o estudo da historia deste culto que aínda segue a ser significativo no concello.

■ Estratexias de difusión e posta en valor das doazóns documentais

Como xa se puido comprobar no apartado anterior, incluso as pezas máis sinxelas poden aportar datos tremendamente significativos para o conxunto da sociedade. Pero para chegar a ese punto é fundamental que os veciños coñezan o seu arquivo, que saiban con certeza que poden participar e colaborar con el de maneira directa e, sobre todo, demostrarlles que esa colaboración non só é valorada senón que é necesaria para a reconstrución da memoria colectiva local.

15. Ficha da “Sociedad Agrícola, Ganadera y Escolar de Oza y Lucí en la República Argentina” [en liña]. Arquivo da Emigración Galega: As Escolas da Emigración [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/65ehm1>.

16. Páxina web oficial do Entroido dos Xenerais da Ulla [consultada o 10-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/p2QDCZ>.

Deste xeito, e unha vez que esas mostras de patrimonio documental pasen a formar parte dos arquivos, é imprescindible que se poñan en valor dende o primeiro momento. Só así se conseguirá que toda a comunidade se beneficie do acceso a ese patrimonio e, ao mesmo tempo, que os propios veciños se decaten do importante e relevante que é a súa colaboración co arquivo. Neste senso, tentárase procurar un efecto chamada a partir do cal atraer novas doazóns. Así, no ano 2009, a prensa recolleu como no acto de recepción da doazón da familia Sánchez-Novos tanto “o alcalde como o arquivista agradeceron a xenerosa doazón e animaron a calquera particular que teña documentación municipal histórica na súa casa a poñerse en contacto co Concello para avaliar calquera achega”¹⁷.

Lograr isto non é unha tarefa fácil. En Teo estase a conseguir que, pouco a pouco, a participación da veciñanza no Arquivo sexa cada vez maior grazas ao bo trato prestado aos doantes e ao feito de pór de relevo o significativo das súas achegas. Porén, a día de hoxe, a difusión non se pode separar das novas tecnoloxías e nese aspecto aínda queda moito por facer. Afortunadamente, existen en Galicia numerosos exemplos que se poden tomar en consideración e que están relacionados coa difusión, principalmente de fotografías, a través de Internet facendo fincapé na recuperación da memoria colectiva local.

Así, en concellos como Arteixo, O Barco de Valdeorras, Carballo, Celanova, Maceda, As Pontes, O Vicedo, Vilagarcía de Arousa e Viveiro decantáronse pola web *Phottic*¹⁸, especializada na recuperación do patrimonio fotográfico, e que permite non só clasificar todas as fotografías dixitalizadas senón tamén xeolocalizalas e interactuar cos usuarios da páxina a través das funcións que ofrece calquera rede social.

Outros municipios como Ribadeo, Salceda de Caselas ou San Sadurniño optaron por unha web propia¹⁹ na que se estruturaron os contidos en diferentes temáticas, coa particularidade de que na web do concello de San Sadurniño se incorporan pistas de son explicativas realizadas polas persoas que aportaron as fotografías. As iniciativas deses dous últimos concellos, así como as de Carballo, Celanova, O Vicedo e Viveiro, tamén contan cun recurso que na actualidade é fundamental: os perfís en redes sociais, que vinculan ás súas propias páxinas²⁰ e incluso no caso sadurniñés, unha canle en YouTube²¹.

17. “O Concello recibe a doazón de documentos históricos dunha familia particular” [en liña]. Concello de Teo: novas, 07-08-2009 [consultado o 10-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/hZUKOx>

18. Perfís en Phottic de “Memorias de Arteixo” [dispoñible en: <http://goo.gl/OhFdFC>], “O Barco de Outora” [dispoñible en: <http://goo.gl/yh3btw>], “Carballo na memoria” [dispoñible en: <http://goo.gl/Ec7Dmg>], “Aquela Celanova” [dispoñible en: <http://goo.gl/UBKL4c>], “Maceda en Imaxes” [dispoñible en: <http://goo.gl/4m86dg>], “Daquela As Pontes” [dispoñible en: <http://goo.gl/GkdQES>], “Memorias do Vicedo” [dispoñible en: <http://goo.gl/4in8SL>], “O Faiado da Memoria” [dispoñible en: <http://goo.gl/xbil9w>] e “Viveiro na Memoria” [dispoñible en: <http://goo.gl/XToqLP>]. Todas consultadas o 31-08-2016.

19. Páxinas web “Ribadeo na Memoria” [dispoñible en: <http://goo.gl/JNZefB>], “Arquivo Municipal da Imaxe de Salceda” [dispoñible en: <http://goo.gl/60T0fp>] e “Fálame de San Sadurniño” [dispoñible en: <http://goo.gl/KpfcFF>]. Todas consultadas o 31-08-2016.

20. Perfís en Facebook de “Carballo na Memoria” [dispoñible en: <http://goo.gl/KNjHQc>], “Aquela Celanova” [dispoñible en: <http://goo.gl/IVEDPU>], “Arquivo da Imaxe de Salceda” [dispoñible en: <http://goo.gl/2U7XLK>] e “Memorias do Vicedo” [dispoñible en: <http://goo.gl/Bh1yhe>] e perfil en Twitter de “Fálame de San Sadurniño” [dispoñible en: <http://goo.gl/bMqAmV>]. Todos consultados o 31-08-2016.

21. Canle en YouTube de “Fálame de San Sadurniño” [consultado o 31-08-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/OcPKIZ>

Outros proxectos, como os levados a cabo en Rois, Mesía e Sanxenxo non puideron chegar a concretarse deste xeito, aínda que si se levaron a cabo accións de difusión a través da prensa²², un medio que tampouco se pode deixar de lado.

No caso de Teo, aínda que si se levaron a cabo iniciativas moi interesantes no ámbito educativo e da memoria histórica²³ para os que se empregaron materiais procedentes das doazóns, non se desenvolveron estratexias de difusión específicas cando as posibilidades son múltiples e variadas e non precisan dun gran desembolso económico, simplemente de iniciativa e planificación por parte das autoridades locais. Son elas, como titulares dos arquivos municipais, as que deben ser conscientes das enormes vantaxes que teñen as achegas dos veciños para o estudo da historia local e a recuperación da memoria en todos os seus ámbitos. Os esforzos levados a cabo para que o Arquivo sexa o centro cultural de referencia a nivel local e o lugar ao que os veciños acudan para aportar o seu gran de area poden verse minguados por unha incorrecta, insuficiente ou inexistente estratexia de difusión.

■ Conclusións

É imposible cuantificar que porcentaxe do patrimonio documental galego se atopa agochado ou esquecido, mais é indiscutible que en moitos fogares galegos pódense atopar verdadeiros tesouros. Do mesmo xeito, é natural que unha gran parte da poboación descoñeza o valor real do que posúe e a necesidade de preservalo, así como a maneira máis correcta de facelo e que institucións son as que lle poden prestar axuda. É aí onde ten que entrar en xogo a administración, neste caso a local, abrindo as portas dos seus arquivos para que, prestando toda a axuda que estea ao seu alcance, se poidan incorporar esas doazóns ao patrimonio documental local, patrimonio que non deixa de ser de todas e todos.

A través do exemplo do Arquivo Municipal de Teo pódese observar como un pequeno arquivo municipal, sen grandes medios e con tan só un único empregado, pode erixirse nunha institución cultural básica que faga aflorar e canalice os desexos da comunidade de colaborar na reconstrución da historia e a memoria locais. A difusión segue a ser un asunto fundamental no que aínda é preciso avanzar, pero os exemplos que na nosa terra se están a desenvolver neste eido, sobre todo no dos arquivos fotográficos dixitais, preséntanos un panorama esperanzador para que dende os arquivos municipais se continúe a traballar, como non pode ser doutro xeito, a prol da veciñanza.

22. Uzal, Virginia. "Arquivos fotográficos, 'o pasado sempre forma parte do futuro". Praza Pública, xornal dixital [consultado o 31-08-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/QdRk8> / "Sanxenxo pretende inmortalizar su historia con un archivo fotográfico abierto a aportaciones vecinales". La Voz de Galicia, edición online [consultado o 31-08-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/hOMGgw>.

23. No eido cultural, salientan as actividades escolares levadas a cabo durante o Día dos Arquivos de 2014 (consultado o 10-09-2016, dispoñible en: <https://goo.gl/1RXW7Q>) e tamén a participación no proxecto "Coñece Teo", que supuxo a realización de tres pequenos cadernos de actividades infantís, cada un deles centrado nun aspecto concreto da historia e a paisaxe do concello: "Teo, unha paisaxe gravada en pedra", "Francos, unha paisaxe milenaria" e "As ribeiras do Ulla". En canto á memoria histórica, o Arquivo colaborou na realización para a "Homenaxe a Ánxel Casal e todas as vítimas da infamia en calquera tempo e lugar", celebrada en 2010 na parroquia de Cacheiras, dunha listaxe dos represaliados naturais ou con veciñanza en Teo en 1936 (consultado o 10-09-2016, dispoñible en <http://goo.gl/08QtBV>).



Fotografía 1: Entroido dos Xenerais da Ulla nos anos 70 (doazón de Severino Iglesias realizada en 2016).



Fotografía 2: Ponte de Paradela en 1971 (doazón de Fernando Acuña realizada en 2013).



Fotografía 3: Homenaxe ao escultor Alfonso Sanmartín celebrada en Francos en 1972 (doazón de Ramiro Viqueira en 2011).

■ Bibliografía

Artigos e libros

Da Silva Catela, Ludmila. “El mundo de los archivos”. En: Jelin, Elizabeth; Da Silva Catela, Ludmila. Los archivos de la represión: documentos, memoria y verdad. Madrid: Siglo XXI, 2002, pp.195-221.

Fernández Castro, Juan Andrés. “A Estrada nos seus documentos antigos: tres documentos do século XV escritos en galego relativos ao lugar de Gudín, en Guimarei, A Estrada”. En: A Estrada: miscelánea histórica e cultural, 1998, n. 1, pp. 27-50.

García Ruipérez, Mariano. Los archivos municipales: qué son y cómo se tratan. Gijón: Trea, 2003.

Ramírez, Cristóbal; Enríquez, Adolfo. Guía de Cruceiros Xacobeos en el Camino del Mar de Arousa y Ulla. Fundación Ruta Xacobeas do Mar de Arousa e Ulla, 2012.

Lexislación e regulamentos

Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 7 de outubro de 2014, n. 191, pp. 43408-43450.

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Diario Oficial de Galicia, 16 de maio de 2016, n. 92, pp. 18576-18689.

Regulamento do Arquivo Municipal de Boqueixón. Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 4 de outubro de 2002, n. 229, pp. 8849-8855.

Regulamento do Arquivo Municipal de Ortigueira. Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 21 de xuño de 2002, n. 141, pp. 5483-5488.

■ Materiais inéditos

Sanmartín López, Pablo N. Informe sobre a proposta de doazón de documentos da familia Sánchez-Novo [documento inédito]. Teo: Arquivo Municipal, 2009.

Idem. Regulamento do Arquivo Municipal [documento inédito]. Teo: Arquivo Municipal, 2010.

Prensa dixital

“Distinción a una Maestra Nacional jubilada”. ABC, hemeroteca dixital, 27-11-1967 [consultado o 09-09-2016]. Disponible en: <http://goo.gl/mwgZQT>

Núñez Sobrino, Ángel. “Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, eximio arqueólogo”. El Correo Gallego, edición dixital, 22-03-2015 [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/MaoaVT>

“Sanxenxo pretende inmortalizar su historia con un archivo fotográfico abierto a aportaciones vecinales”. La Voz de Galicia, edición online [consultado o 31/08/2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/hOMGgw>

Uzal, Virginia. “Arquivos fotográficos, o pasado sempre forma parte do futuro”. Praza Pública, xornal dixital [consultado o 31-08-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/QdRKb8>

■ Recursos electrónicos

BAMAD Galicia: Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de documentación de Galicia [consultado o 10-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/toqGH5>

Concello de Teo [consultado o 10-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/2b7z34>

Consello da Cultura Galega. “Arquivo da Emigración Galega: As Escolas da Emigración” [consultado o 09-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/317UBx>

Entroido dos Xenerais da Ulla [consultado o 10-09-2016]. Dispoñible en: <http://goo.gl/MxiTjE>